

**ACTA 5/20**

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**- 2 DE MARZO DE 2020 -**

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 2 de marzo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**Presidente:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Argibay da Silva

**Secretaria:** D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

**ORDE DO DÍA:**

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 20.01.2020 E 03.02.2020**
- 2. TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 17/2019**
- 3. AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**
- 4. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 5. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

## **1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 20.01.2020 E 03.02.2020**

### *Acta da sesión ordinaria do día 20 de xaneiro de 2020*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 20 de xaneiro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

### *Acta da sesión ordinaria de 3 de febreiro de 2020*

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 3 de febreiro de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

## **2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA INSCRICIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD E DA CESIÓN DE TERREOS PARA A REGULARIZACIÓN DE VIARIO: LICENZA 17/2019**

Escrito presentado por Alberto Abalde Covelo, en data 26 de febreiro de 2020, con rexistro de entrada no Concello núm. 20200000001194, xuntando a inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Teo, da cesión dos terreos cuxa aceptación fora acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de decembro de 2019.

Vista a licenza concedida, pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de maio de 2019, a Sonia Calo Alborés, para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Seoane, nº 47, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006000000SM, coa condición, entre outras, de que antes do inicio das obras formalizase en escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade de Padrón a favor do Concello de Teo e libre de cargas, a cesión dos terreos para a regularización do viario que figuraban no documento de cesión asinado polos promotores dunha superficie de 86,00 metros cadrados.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2019, acordou aceptar a cesión dos terreos que figuran na escritura pública de data catro de xuño de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapido Alonso, modificada pola dilixencia de emenda de data 23 de setembro de 2019, dunha superficie de 127,00 metros cadrados, correspondente coa licenza urbanística 17/2019, deixando sen efecto a aceptación da cesión de terreos acordada pola Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2019, referida a 86,00 metros cadrados.

A cesión correspondente concrétese nunha superficie de 127,00 metros cadrados.

Figura a inscrición, a favor do Concello de Teo do pleno dominio, a seguinte finca:

Porción de terreo segregado da finca número 600 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende, dunha superficie de cento vinte sete metros cadrados, inscrición: 3ª, Tomo: 956, libro: 372, folio 163, data: 13 de febreiro de 2020. Código Rexistral Único: 15013001121003.

Visto o disposto nos artigos 24.2 e 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigos 36.2 e 368.5 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

En virtude do exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro.**- Tomar coñecemento da inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do concello de Teo dos terreos obxecto de cesión, que figuran na escritura pública de data catro de xuño de dous mil dezanove, do notario Carlos Sebastián Lapidó Alonso, modificada pola dilixencia de emenda de data 23 de setembro de 2019, dunha superficie de 127,00 metros cadrados, facendo constar a eficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 6 de maio de 2019, expte. 17/2019.

**Segundo.**- Dar por cumprida coa referida inscrición a condición á que se suxeitou a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 6 de maio de 2019, Sonia Calo Alborés, para construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Seoane, nº 47, parroquia de Recesende, R.C.: 15083B503006000000SM.

**Terceiro.**- Dar traslado do presente ao departamento de intervención para a incorporación dos terreos obxecto de cesión ao Patrimonio Municipal do Solo.

**Cuarto.**- Ordenar a devolución do expediente ao Departamento de Urbanismo para a xestión do mesmo.

### **3.- AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO**

**3.1.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900000005 do 03/01/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 21 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 3 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000005), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para RBTS LG CATOÑA, para dar subministro a unha vivenda en Cantoña, nº 8 B, Luou (S.G.D.: 218319090139).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (400,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 1050 de 18/02/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-1/2020) para RBTS LG CATOÑA, para dar subministro a unha vivenda en Cantoña, nº 8 B, Luou (S.G.D.: 218319090139), de acordo co solicitado con data de 3 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000005).*

**Segundo.**- *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.**- **Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-1/2020) para RBTS LG CATOÑA, para dar subministro a unha vivenda en Cantoña, nº 8 B, Luou (S.G.D.: 218319090139), de acordo co solicitado con data de 3 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000005).**

**Segundo.**- **Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**3.2.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900000011 do 07/01/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 21 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación:

**“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000011), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para RBTS LG SOLLÁNS, para dar subministro a unha vivenda en Solláns, nº 152, Calo (S.G.D.: 218319090255).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (300,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 1055 de 18/02/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-2/2020) para RBTS LG*

*SOLLÁNS, para dar subministro a unha vivenda en Solláns, nº 152, Calo (S.G.D.: 218319090255), de acordo co solicitado con data de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000011).*

**Segundo.-** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

**Primeiro.-** **Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-2/2020) para RBTS LG SOLLÁNS, para dar subministro a unha vivenda en Solláns, nº 152, Calo (S.G.D.: 218319090255), de acordo co solicitado con data de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000011).**

**Segundo.-** **Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.**

**3.3.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. (rex. entrada nº 202099900000012 do 07/01/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 21 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación:

#### **“PROPOSTA CONCELEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000012), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para novo centro de transformación prefabricado, unha liña de Media Tensión Subterránea de 300 mts. e saídas dunha lonxitude de 322 mts., no treito entre o Camiño do Monte de Arriba, nº 3 e o Camiño Portugués (cruzando a estrada N-550), Casalonga, parroquia de Calo (S.G.D.: 531308030003).*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de condución e canalización eléctrica son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes eléctricas supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o parágrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente (5.500,00 euros) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública (rex. entrada nº 1023 de 17/02/2020).*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2020) para novo centro de transformación prefabricado, unha liña de Media Tensión Subterránea de 300 mts. e saídas dunha lonxitude de 322 mts., no treito entre o Camiño do Monte de Arriba, nº 3 e o Camiño Portugués (cruzando a estrada N-550), Casalonga, parroquia de Calo (S.G.D.: 531308030003), de acordo co solicitado con data de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000012).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.”*

**Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:**

***Primeiro.-*** *Outorgar a Juan José Coiradas Sambade, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A., licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-3/2020) para novo centro de transformación prefabricado, unha liña de Media Tensión Subterránea de 300 mts. e saídas dunha lonxitude de 322 mts., no treito entre o Camiño do Monte de Arriba, nº 3 e o Camiño Portugués (cruzando a estrada N-550), Casalonga, parroquia de Calo (S.G.D.: 531308030003), de acordo co solicitado con data de 7 de xaneiro de 2020 (rex. entrada nº 202099900000012).*

***Segundo.-*** *Notificar o presente ao interesado con sinalamento dos recursos procedentes.*

**3.4.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE URBANISMO DE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO A M<sup>a</sup> LUISA SEOANE PRECEDO (rex. entrada nº 202000000001036 do 17/02/2020)**

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da concelleira de urbanismo de 21 de febreiro de 2020 que se recolle a continuación:

### **“PROPOSTA CONCELLEIRA DE URBANISMO**

*Vista a solicitude presentada por M<sup>a</sup> Luisa Seoane Precedo, de 17 de febreiro de 2020 (rex. entrada n<sup>o</sup> 202000000001036), para que se lle outorgue autorización para a ocupación do dominio público para entubado da cuneta, nun treito de 15,00 m. con tubo de PVC de 400 cm. de diámetro, mais formigón armado con maia 15x15x5, cun espesor mínimo de 15 cm. instalando un sumidoiro con reixa de fundición D-400, en Seoane, n<sup>o</sup> 31, Recesende.*

*Considerando que segundo o artigo 3 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante, RBEL), as redes de abastecemento e saneamento son bens de dominio público.*

*Considerando que a utilización dos bens de dominio público rexese polos artigos 74 e seguintes do Regulamento citado, diferenciándose, no artigo 74, entre uso común, xeral e especial, uso privativo, uso normal e uso anormal.*

*Considerando que as instalación de redes de abastecemento e saneamento supoñen un uso común especial normal do dominio público suxeito a licenza (SSTS de 17 de outubro de 1978 e 9 de outubro de 1985).*

*Considerando que o artigo 77 do RBEL dispón que o uso común especial se suxeitará a licenza, “axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos precepto de carácter xeral”.*

*Considerando que, tal e como dispón o paragrafo 2 do artigo citado, as licenzas outorgaranse directamente, “salvo se por calquera circunstancia se limitara o número das mesma, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia esta última que non concorre no expediente ao que se refire a presente.*

*Considerando que se constituíu garantía suficiente, 200 euros (mediante transferencia bancaria da entidade Abanca en data 17/02/2020) aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública.*

*En virtude do exposto, por delegación da Alcaldía (res. núm. 524, de 3 de xullo de 2019), e de acordo cos Decretos da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019), proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.**- *Outorgar a M<sup>a</sup> Luisa Seoane Precedo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-6/2020) para entubado da cuneta, nun treito de 15,00 m. con tubo de PVC de 400 cm. de diámetro, mais formigón armado con maia 15x15x5, cun espesor mínimo de 15 cm. instalando un sumidoiro con reixa de fundición D-400, en Seoane, n<sup>o</sup> 31, Recesende, de acordo co solicitado con data de 17 de febreiro de 2020 (rex. entrada n<sup>o</sup> 202000000001036).*

**Segundo.**- *Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.”*



Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros e por delegación da Alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/2019 e 526/2019)), acorda:

**Primeiro.**- Outorgar a M<sup>a</sup> Luisa Seoane Precedo, licenza para a ocupación do dominio público (expte. O.D.-6/2020) para entubado da cuneta, nun treito de 15,00 m. con tubo de PVC de 400 cm. de diámetro, mais formigón armado con maia 15x15x5, cun espesor mínimo de 15 cm. instalando un sumidoiro con reixa de fundición D-400, en Seoane, nº 31, Recesende, de acordo co solicitado con data de 17 de febreiro de 2020 (rex. entrada nº 202000000001036).

**Segundo.**- Notificar o presente á interesada con sinalamento dos recursos procedentes.

#### **4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz